



RÍO MIÑO

Meilán-Ombreiro

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9,5 km
Dificultade: media
Duración: 3-4 horas



Un percorrido por un tramo do río Miño en terreos de Lugo e Outeiro de Rei. 9,5 km e tres horas e media de camiñada, algo menos se fai a volta pola ruta marcada pola CHMS que non discorre tan apegada á beira pero permite levar un ritmo de marcha máis alto, para facer esta circular que discorre por carreiros de pescadores que se atopan bastante estragados nalgún punto e en outros comestos polas silveiras o que engade unha pequena dose de incomodo ao camiñar e ralentiza a marcha. Esta ruta serve de enlace entre a ruta “Camiños do Miño” de Outeiro de Rei e a ruta do Miño do concello de Lugo.

COMO CHEGAR:

Comezamos na área recreativa que se atopa ao pasar, cara a Meilán, a estación elevadora, onde deixamos o coche. Ahegándonos á beira do río remontámolo, sen desviarnos apenas, ata chegar á ponte de Ombreiro. No camiño atopamos o caneiro de pesca de Meilán e gozamos de vistas do río ancho e calmo, que nos oculta logo a insua de Meilán, para recuperalo de novo antes de volverse sonoro e bulideiro nos atrancos e nas rochas preto de Ombreiro, e algúns carballos de gran porte. Despois de cruzar a ponte comezamos a volta pola estrada que sae á esquerda, e alí mesmo temos o muiño de Castelo unha fermosa mostra de construción adaptada para soportar as correntes, as enchentas e os golpes de canto arrastre o río; un pouco máis adiante a canle e o edificio dunha vella central e despois collemos un desvío á esquerda por unha pista de terra, que está dentro da ruta sinalada pola CHMS, que seguimos un bo tramo e abandonamos cando se desvía do río para continuarmos polos carreiros de pescadores, pero tamén podemos seguir por ela ata o pé da ponte na que rematamos a ruta. Continuando polo carreiro atopamos os restos dunha aceña, a área de recreo de Adai, na que hai un bo castiñeiro, e máis adiante algúns bos exemplares de carballos ata desembocar nuns prados ao pé da ponte que cruzamos para volver a onde deixamos o coche.





Carballo e castiñeiro na ruta.



Muíño de Castelo (Ombreiro)



Caseto de pesca

